

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDIA

Asunto: Liquidación de taxa polos servizos do complexo deportivo do mes de marzo do 2024 por importe total de 6.881,00 €


Expediente TEDEC : 2024/X999/000036

Visto o infome favorable da Tesoureira Municipal asinado dixitalmente en data 12/03/2024 e tendo en conta a necesidade de aprobar as liquidacións dos abonos para o COMPLEXO DEPORTIVO do mes de MARZO do 2024, segundo a Ordenanza fiscal "Reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais", cuxo resume, proporcionado polo departamento municipal de deportes, que se relaciona a continuación:

CONCEPTO	Nº USUARIOS	IMPORTE EN €
ABOADO < 18 ANOS	19	323,00
ABOADO FAMILIAR	77	2.002,00
ABOADO 3ª IDADE	11	187,00
ABOADO SO XIMNASIO	257	4.369,00
TOTAL.....	364	6.881,00 €

Logo de ver que no Concello de Carral desenvólvense actividades nas instalacións do complexo deportivo municipal promovidas polos departamento municipal de Deportes. A taxa polo uso das devanditas instalacións está regulada na Ordenanza fiscal nº 22 reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral (aprobación definitiva publicada no BOP nº 188, do 30.09.2011, modificado posteriormente por acordo publicado no BOP N.º 135 do 21.08.2020), cuxo artigo 5 establece as tarifas aplicables.

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón de contribuíntes polos abonos do complexo deportivo municipal correspondentes ao de marzo deste ano 2024, así como as liquidacións integrantes deste, por importe global de 6.881,00 €.

SEGUNDO.- A partir da data de sinatura do presente decreto, segundo o sistema de domiciliación bancaria, nos números de conta adxuntados polos usuarios, levaráanse as citadas liquidacións a través da conta aberta a nome do Concello de Carral na entidade bancaria Banco Sabadell, con IBAN ES93-0081-2190-8900-0105-5007.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Intervención-Tesourería se proceda á realización dos trámites precisos para a súa exacción.

CUARTO.- Notificar de forma colectiva as liquidacións e o anuncio de cobranza en voluntaria do ingreso de Dereito Público anterior polos medios habituais, xunto coa súa publicación no el Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios da Entidade..

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ